



CONCELLO DE O BOLO  
RÚA CÉSAR CONTI, 33  
32373 O BOLO (OURENSE)  
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

## **ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DO BOLO**

### **ARTIGO 1º.-FUNDAMENTO E RÉXIME.**

No uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e o artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo da Administración Local de Galicia, polo Concello de O Bolo establécese a taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar, atendendo o establecido nos artigos 20.4 e 57 do citado Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido na Lei Reguladora das Facendas Locais.

### **ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible a prestación efectiva do servizo de axuda no fogar nos termos e condicións da intensidade regulada na ordenanza municipal de axuda no fogar.

### **ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO**

Serán suxeitos pasivos desta tasa a título de contribuintes as persoas físicas, xurídicas ou entidades ás que se refieren os artigos 35 e 36 da Lei Xeral Tributaria que soliciten e se beneficien da prestación do servizo.

### **ARTIGO 4º.-RESPONSABLES.-**

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito as persoas físicas ou entidades ás que se refiere o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria. Serán responsables subsidiarios das deudas tributarias as persoas ou entidades ás que se refiere o artigo 43 da Lei Tributaria.



CONCELLO DE O BOLO  
RÚA CÉSAR CONTI, 33  
32373 O BOLO (OURENSE)  
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

## **ARTIGO 5º.- BASE IMPONIBLE E CUOTA TRIBUTARIA.**

a) A base imponible estará constituída polo tempo de utilización do servizo, medido en horas, por parte da persoa usuaria.

O custo de cada hora no Servizo de Axuda no Fogar do Concello de O Bolo para o ano 2014 é:

\* 12,35 euros para dependentes, en días laborales, fines de semana e festivos, . (IVE engadido, 4 %)

\* 12,35 euros para usuarios de libre concorrencia, en días laborales (IVE engadido 10%).

Esta cuota é revisable anualmente e de forma automática, según o índice de prezos ó consumo (IPC).

### b) Cuota tributaria dos usuarios dependentes:

A capacidade económica das persoas dependentes usuarias do servizo calcularase como se indica na ordenanza municipal de O Bolo reguladora do Servizo de Axuda no Fogar, no seu artigo 15.

No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado, sen tener en conta polo tanto, o prezo do coste do servizo.



Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00%	6,54%	13,90%	21,25%
450,00%	6,63%	14,09%	21,55%
500,00%	6,70%	14,25%	21,79%
>500,00%	6,76%	14,36%	21,97%

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención reconecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:



% Capacidade económica (referencia da ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

c) Cuota tributaria de usuarios de libre concorrencia:

Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda a domicilio.



CONCELLO DE O BOLO  
RÚA CÉSAR CONTI, 33  
32373 O BOLO (OURENSE)  
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

<b>CAPACIDADE ECONÓMICA</b>	<b>Participación no custe do servizo de SAF básico</b>
Menor de 0,80 IPREM	0 %
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	10 %
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20 %
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40 %
Maior de 2,50 IPREM	60 %

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### **ARTIGO 6º.- OBRIGACIÓNS A CONTRIBUIR:**

A taxa se devengará e nace a obriga de contribuir no momento de iniciarse a prestación do servizo.

a) O período impositivo será mensual.

b) Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte. Unha vez prestado o servizo se practicarán as liquidacións a cargo dos beneficiarios as cales se notificarán a éstos para o seu ingreso na Tesorería Municipal, podendo tamén os usuarios domiciliar o pago das taxas, que desta maneira se cobrarán directamente polo Concello, unha vez aprobado polo Alcalde a liquidación mensual correspondente.

c) As ausencias temporais do domicilio deberán ser comunicadas, en circunstancias ordinarias e previsibles, con 10 días de antelación. No tempo que duren as suspensións, que como máximo serán de dous (2) meses para os usuarios dependentes e tres (3) meses para os usuarios de libre concorrencia, as persoas usuarias teñen dereito á reserva de praza sen aboar cantidade alguna por tal concepto.



CONCELLO DE O BOLO  
RÚA CÉSAR CONTI, 33  
32373 O BOLO (OURENSE)  
Tel.: 988 323030 Fax: 988 337506

## **ARTIGO 7º.-NORMAS DE XESTIÓN**

As normas de altas, modificacións e baixas na prestación do servizo son as recollidas na ordenanza reguladora do servizo.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP nº 209 de 11 de setembro de 2013, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado o texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas, de conformidade co disposto nos artigos 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 17 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Bolo, 21 de febreiro de 2013

O Alcalde-Presidente